




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Rematado o proceso de incorporación ó curso académico 2003/2004 dos alumnos procedentes de COU/LOXSE, formación profesional e titulados universitarios, ás titulacións con límite de prazas existentes no Sistema Universitario de Galicia e á vista do informe da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) de data 24 de outubro de 2003 no que comunica que quedaron prazas vacantes nesta Universidade de Santiago de Compostela e a vista das solicitudes de alumnos interesados, cómpre facer unha derradeira convocatoria de matrícula en centros con límite de prazas vacantes.

Por outra banda estímase oportuno a apertura dun novo prazo de matrícula para os alumnos que continuen estudos e aqueles que inicien estudos en centros sen límite de prazas.

POLO EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVE:

UNICO.- Os alumnos que reunan os requisitos para iniciar estudos nas titulacións relacionadas neste apartado, ou en calquera centro sen límite de praza, poderán formalizar a matrícula na Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente entre os días **3 ó 7 de novembro**, ámbolos dous inclusive en horario de 9 a 14 horas.

Código	Titulación	Campus
4463	Licenciatura en Historia da Arte	Santiago de Compostela
4464	Licenciatura en Historia	Santiago de Compostela
4723	Mestre en Lingua Estranxeira	Santiago de Compostela
4740	Diplomatura en Relacións Laborais	Santiago de Compostela
5104	Enxeñería Técnica Industrial en Química Industrial	Lugo
5701	Mestre en Educación Primaria	Lugo
5703	Mestre en Lingua Estranxeira	Lugo
5720	Diplomatura en Ciencias Empresariais	Lugo
5760	Diplomatura en Relacións Laborais	Lugo

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2003

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro
Senén Barro Ameneiro

Sr. Secretario Xeral/Sr. Vicerrector Organización Académica e Profesorado/Sr. Vicexerente do Campus de Lugo/Sr. Presidente da CIUG/Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica/Sr. Director dos Servizos Informáticos/Sr. Xefe da Asesoría Xurídica/Sr. Director do COIE/Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica.